

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Idioma moderno: Lingua portuguesa I				
Materia	Idioma moderno: Lingua portuguesa I			
Código	V01G400V01105			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Outros			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Baltrusch , Burghard			
Profesorado	Arias Freijedo, José Benito Baltrusch , Burghard			
Correo-e	burg@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Nesta materia trátase de adquirir coñecementos básicos de lingua portuguesa (en comprensión e expresión oral e escrita) e coñecementos básicos sobre os países de lingua oficial portuguesa e as súas culturas (correspondentes ao nivel A2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas).			

Competencias	
Código	
A1	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B6	Ser quen de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidad intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B9	Posuír as habelencias de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
B10	Integrar coñecementos e poder desenvolver un proceso de comunicación sólido a partir dunha información que, aínda que sexa incompleta, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas ao proceso comunicativo.
C1	Perfecto dominio instrumental das linguas galega, española e portuguesa.
C2	Coñecemento da gramática das linguas galega, española e portuguesa.
C15	Coñecemento das repercusións lingüísticas e interculturais do contacto de linguas.
D2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
D3	Capacidade de xerar novas ideas.
D6	Habilidade para traballar de forma autónoma.
D8	Capacidade de análise e síntese.
D9	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
D10	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.
D11	Capacidade para elaborar textos orais e escritos de diferente tipo.
D12	Capacidade para localizar, manexar e aproveitar a información contida en bases de datos e outros instrumentos informáticos e internet.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Dominio oral e escrito do idioma portugués como lingua estranxeira. Nivel A2 do Marco Común Europeo de Referencia das Linguas, equivalente ao 'Certificado Inicial de Português como Língua Estrangeira' (CIPLE).	A1 A2 A5	B1 B6 B9 B10	C1 C2 C15	D2 D3 D6 D8 D9 D10 D11 D12
Dominio oral e escrito de primeiros elementos do nivel B1, equivalente ao 'Diploma Elementar de português Língua Estrangeira' (DEPLE) e do 'Certificado de Proficiência em Língua Portuguesa para Estrangeiros' (Celpe-Bras).	A1 A2 A5	B1 B6 B9 B10	C1 C2 C15	D2 D3 D6 D8 D9 D10 D11 D12

Contidos	
Tema	
Contidos de fonética	Elementos de fonética e fonoloxía das variantes europea e brasileira da lingua portuguesa, correspondentes ao nivel A2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.
Contidos gramaticais	Elementos gramaticais correspondentes ao nivel A2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas: Ortografía; verbo (indicativo e tempos mais usuais do subxuntivo); substantivo; adxectivo; artigo; determinantes; plural; xénero; pronomes; preposicións e contraccións; etc.
Contidos léxico-semánticos	Elementos léxicais e semánticos correspondentes ao nivel A2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas: Tempos cronolóxico e meteorolóxico; saúdos e despedidas; vivenda; presentación persoal; números; cores; medios de transporte; rutina diaria; roupa; corpo; cociña e alimentación; deportes e outras actividades de lecer; etc.
Contidos pragmáticos	Tratamentos; idiomatismos; falsos amigos; etc.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	4	0	4
Resolución de problemas e/ou exercicios	18	30	48
Traballos de aula	18	30	48
Eventos docentes e/ou divulgativos	2	13	15
Probas de resposta curta	2	10	12
Outras	4	4	8
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	0	5	5
Observación sistemática	0	10	10
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Sesión maxistral	O profesor explicará os contidos esenciais de cada un dos temas, aclarando os conceptos-clave da materia e orientando ao alumnado nas lecturas obrigatorias relacionadas con cada tema. No caso do réxime semipresencial, o alumnado disporá na plataforma de ensino virtual Faitic das indicacións e dos materiais necesarios para avanzar en cada unidade temática.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Sesións prácticas: exercicios gramaticais e revisións que requiren unha preparación previa por parte do alumnado. Traballos en grupo e exposicións na aula. No caso do réxime semipresencial, o alumnado disporá na plataforma de ensino virtual Faitic das indicacións e dos materiais necesarios para realizar os exercicios correspondentes e para avanzar en cada unidade temática.
Traballos de aula	Sesións prácticas, exercicios prácticos de produción oral e escrita. Revisión de contidos gramaticais con exercicios realizados dentro da aula. No caso do réxime semipresencial, o alumnado disporá na plataforma de ensino virtual Faitic das indicacións e dos materiais necesarios para realizar os traballos correspondentes e para avanzar en cada unidade temática.

Eventos docentes e/ou divulgativos	Asistencia a conferencias, filmes, seminarios, prácticas de campo e outras actividades relacionadas cos contidos da materia. No caso do réxime semipresencial, o alumnado disporá na plataforma de ensino virtual Faitic das indicacións e dos materiais necesarios para acompañar os eventos docentes e divulgativos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	Atención a problemas específicos presentados polo alumnado durante as sesións prácticas. No caso do réxime semipresencial, a resolución de problemas e a revisión dos traballos de aula farase a través da plataforma de ensino virtual Faitic.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Atención a problemas específicos presentados polo alumnado durante as sesións prácticas. No caso do réxime semipresencial, a resolución de problemas e a revisión dos traballos de aula farase a través da plataforma de ensino virtual Faitic.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Probas de resposta curta	Exame escrito sobre os contidos teórico-prácticos vistos durante o curso. No caso do réxime semipresencial, o alumnado tamén ten que estar presente no día do exame. O exame realizarase na última sesión de aulas.	40	A1 A2	B6 B9	C1 C2	D6 D9 D11
Outras	Proba oral individual. No caso do réxime semipresencial, o alumnado tamén ten que estar presente no día do exame. A proba oral realizarase na última semana de aulas.	30	A2	B10	C1 C2 C15	D11
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Realización de probas ou tarefas sobre temas indicados polo profesor. No caso de alumnado en réxime non presencial o alumnado realizará estas probas ou tarefas co apoio da plataforma Faitic.	20	A2 A5	B6 B9 B10		D6 D8 D9 D12
Observación sistemática	Observación das prestacións do alumnado nos ámbitos de "Resolución de problemas e/ou exercicios", "Traballos de aula", a participación en xeral e a asistencia ás actividades relacionadas coa materia. No caso do réxime semipresencial, practicarase un seguimento virtual do alumnado ao longo do curso.	10			C1 C2 C15	D2 D3 D6 D9 D10

Outros comentarios sobre a Avaliación

As/Os estudantes deberán escoller no principio do curso entre dúas opcións: un sistema de avaliación continua (cf. supra) ou un sistema de avaliación única. Recoméndase optar polo primeiro.

Dado o carácter da materia é moi recomendábel asistir con regularidade ás aulas. Recoméndase ao alumnado semipresencial de acudir con regularidade ás titorías e aos seminarios específicos que se poderán ofrecer ao longo do cuadrimestre.

Para a avaliación única é preciso superar ambas as probas (escrita e oral) para superar a materia. Copia ou plaxio nos respectivos exames será penalizado cun suspenso (nota numérica: 0) nas mesmas.

É recomendable consultar regularmente os espazos virtuais da materia na plataforma TEMA (http://faitic.uvigo.es).

Quen opte de forma directa pola avaliación única (non recomendado) será avaliada/o ao final do primeiro período, na primeira edición das actas, da seguinte forma:

1. Cunha proba escrita teórico-práctica (contando 75% da nota final □teoria: 25%; práctica: 50%□). A proba escrita realizarase na última sesión de aulas, coincidindo co exame do grupo en avaliación continua.

2. Cunha proba de expresión oral (contando 25% da nota final) que será gravada. A proba oral realizarase na última semana de aulas.

É preciso superar ambas as probas (escrita e oral) para aprobar a materia. Copia ou plaxio nos respectivos exames será penalizado cun suspenso (nota numérica: 0) nas mesmas.

A convocatoria das probas de expresión oral deberá acordarse co profesorado coa antelación necesaria (mínimo 2 semanas antes do final do período de aulas), sendo responsabilidade do alumnado contactar co profesorado. A non presentación á

proba de expresión oral suporá a obtención dunha cualificación de 0 (cero) puntos na mesma.

Os mesmos criterios de avaliación aplicaranse na segunda edición das actas (xullo).

En todo caso, recoméndase a asistencia ás aulas e ás titorías e consultar regularmente os espazos virtuais da materia na plataforma (http://faitic.uvigo.es), mesmo que non se siga o sistema de avaliación continua.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2015-2016.

Bibliografía. Fontes de información

http://www.portaldalinguaportuguesa.org/

http://www.ciberduvidas.com/

Câmara Jr., Joaquim Mattoso, *Estrutura da Língua Portuguesa*, 19.ª ed., Petrópolis, Vozes, 1989. (ISBN: 85-326-0061-1).

--- *Problemas de Linguística Descritiva*, 13.ª ed., Petrópolis, Vozes, 1988.

Carmo, Leonete, *Olá! Como está?*, Lisboa, Lidel, 2009.

Coimbra, Isabel, e Coimbra, Olga. *Gramática Ativa 1*, 3.ª ed., Lisboa, Lidel, 2011.(ISBN: 978-972-757-638-8).

Coimbra, Isabel, e Coimbra, Olga. *Gramática Ativa 2*, 3.ª ed., Lisboa, Lidel, 2012.(ISBN:978-972-757-173-4).

Com ou sem Acento?, Porto, Porto Editora, 2012. (ISBN: 978.972.0.31936-4).

Com ou sem Hífen?, Porto, Porto Editora, 2012. (ISBN: 978.972.0.01713-0).

Cristóvão, Fernando (dir. e coord.). *Dicionário Temático da Lusofonia*, Lisboa, Texto Editores, 2005. (ISBN: 978-972-472-935-0).

Cristóvão, Fernando, *Da Lusitanidade à Lusofonia*, Coimbra, Almedina, 2008. (ISBN: 978-972-403-445-4)

Dicionário da Língua Portuguesa 2011, Porto, Porto Editora, 2010. (ISBN: 978-972-0-01564-8)

Dicionário Moderno de Sinónimos e Antónimos. Acordo ortográfico. Porto, Porto Editora, 2012. (ISBN: 978.972.0.5754-9).

Dicionário Moderno de Verbos Portugueses, Porto, Porto Editora, 2010. (ISBN: 978-972-0-05756-3).

FLiP 9 - Ferramentas para a Língua Portuguesa, Ed. Priberam, 2015. [www.flip.pt].

Machado, José Barbosa, *Introdução à História da Língua e Cultura Portuguesas*, Braga, Edições Vercial, 2009. (ISBN: 978-972-99038-8-5-3).

Novo Corretor Aurélio 2, Ed. Positivo, 2010. [www.flip.pt].

Sobral, José Manuel, *Portugal, Portugueses: Uma Identidade Nacional*, s.l., Fundação Francisco Manuel dos Santos, 2012. (ISBN: 978-989-8424-65-5).

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Lingua portuguesa II/V01G400V01303

Outros comentarios

Un bo nivel de lingua galega facilita a adquisición de coñecementos de lingua portuguesa.

A lectura e audición habitual de textos en lingua portuguesa, facilita igualmente a aprendizaxe.

Aviso importante para o alumnado de intercambio (Erasmus): O ensino de Lingua Portuguesa na UVigo diríxese a un alumnado que ten o galego e/ou castelán como lingua materna, de maneira que a progresión é rápida. Non se recomenda ao alumnado de intercambio que non teña como mínimo un nivel de B1 nestas linguas (galego ou castelán) ou un A1 en

lingua portuguesa matricularse nesta materia.